

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA, POLA QUE SE DECLARA VACANTE UNHA (1) PRAZA NA MODALIDADE DE PERCEBE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MALPICA

ANTECEDENTES:

1 A Orde de 20 de decembro de 2018 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG Núm. 246, de 27 de decembro de 2018). De acordo co punto 1 da disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, o dito plan prorrógase ata o 31.12.2021.

2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de percebe da confraría de pescadores de Malpica, modificado pola Resolución do 15 de maio de 2020 da Xefatura Territorial da Coruña mediante a que se adopta o número máximo de participantes a pé no plan como medida de adaptación en vinte e dous (22) permisos. Tendo en conta que tras o proceso de renovación de permisos para o 2021, na actualidade existen dezaoto (18) permisos vixentes, quedarían catro (4) prazas vacantes por cubrir ata acadar o número máximo indicado anteriormente.

3. O 08.02.2021 esta xefatura territorial remitiu información á confraría de pescadores de Malpica sobre as prazas vacantes a pé existentes para a explotación dos diferentes recursos ao abeiro dos plans de xestión aprobados na entidade, para que presentasen as observacións que considerasen oportunas no prazo tres (3) días hábiles. Na mesma data, a confraría indica a súa conformidade á proposta realizada.

4. Por resolución do 10.02.2021 desta xefatura territorial convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica. Neste proceso convocáronse catro (4) prazas sinaladas anteriormente.

5. Por resolución do 18.06.2021 da xefa territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse a listaxe provisional das persoas admitidas ao proceso selectivo a as persoas excluídas do proceso. Nesta resolución estableceuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas. Transcorrido o prazo anterior ningunha das persoas aspirantes presentou alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



6. Por resolución do 21.07.2021 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña publicouse a listaxe definitiva de persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica, e abriuse un prazo de 15 días para que as persoas candidatas seleccionadas presentasen a documentación requirida para a tramitación do permiso de explotación.

7. O 23.07.2021 unha (1) persoa candidata seleccionada, presentou a súa renuncia de participación no procedemento e polo tanto á obtención de dito permiso, pasando a declararse desistida da súa solicitude.

8. Mediante resolución do 13.08.2021 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, procedeuse á cobertura dunha (1) praza vacante na modalidade de percebe a pé no ámbito da confraría de pescadores de Malpica mediante o emprego da lista de reserva resultante do proceso selectivo rematado por resolución do 18.06.2021.

9. O 10.09.2021 a persoa candidata seleccionada mediante o emprego da lista de reserva, presentou a súa renuncia de participación no procedemento e polo tanto á obtención de dito permiso, pasando a declararse desistida da súa solicitude na presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira –modificado polos Decretos 114/2007, de 31 de maio, e 48/2013, do 7 de marzo- establece nos capítulos I e III as disposicións xerais que rexen os permisos de explotación e os requisitos para a obtención do permiso de explotación para marisqueo a pé.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figura o percebe.

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,



RESOLVE:

1. Declarar desistida da súa solicitude, en relación á resolución do 13.08.2021 desta xefatura territorial, para a obtención do permiso de explotación na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica, á persoa que se indica a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF
POSE	PEREZ	JOSE JESUS	* * * 8204 * *

2. Declarar vacante unha (1) das catro (4) prazas convocadas na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Malpica.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial

M^a José Cancelo Baquero

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



I.- MALPICA.- RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
POSE	PEREZ	JOSE JESUS	* * * 8204 * *	Desestimento por renuncia

